

Comunicado do Comité de Empresa

Estimadas compañeiras/os,

Aproveitamos este comunicado para ir dando conta da situación tanto do Comité de Empresa do Persoal Laboral como do proceso de funcionarización.

O día 5 deste mes reunímonos os membros do Comité de Empresa que quedamos dende a dimisión do sindicato que tiña a maioría absoluta, para levar a cabo o mandato das últimas asembleas. Nelas aprobouse o acordo de funcionarización e a RPT que o fai posible.

Despois de numerosas consultas as respectivas asesorías xurídicas dos sindicatos que quedamos, decidimos que era unha temeridade non levar a cabo o proceso de funcionarización coa máxima axilidade posible e non promover eleccións sindicais ata que remate o mesmo.

En virtude do cumprimento do mandato da asemblea reunímonos os sindicatos CCOO, CIG, UGT e USO para proceder o nomeamento dos cargos do Comité, quedando elixidos por unanimidade como segue:

- Presidente: Enrique José Pena Pérez
- Vicepresidenta: María Teresa Rey Souto
- Secretario: Javier López Domínguez
- Vicesecretario: Pedro Monteserín Macías

Para as vacantes das comisións delegadas nomeáronse a seguintes persoas:

- Consello de Goberno: Enrique José Pena Pérez
- Formación: Jorge cordal Fustes y Javier López Domínguez
- Seguridade: Xosé Ogando García
- Gardería: María Teresa Rey Souto

Acordouse solicitar unha reunión urxente ao Xerente para tratar os seguintes temas:

1. Funcionarización, estado actual do proceso e a súa evolución.
2. Organización e clarificación dos temarios colgados na web para a funcionarización.
3. Convenio colectivo.
4. Información da repercusión dos orzamentos da Comunidade autónoma no Pas laboral da UDC.
5. Temas de trámite

A Xerencia convocounos para o luns día 11 e un resumen dos puntos máis sobresaíntes da reunión son os seguintes:

- Funcionarización, desenvolvemento e calendario (datas aproximadas):
 - O día 21 levarase a RPT ao Consello Social.
 - Si o ditame é favorable publicarase no DOG a RPT (o prazo ven sendo de 15 días dende que se manda ata a súa publicación).
 - Paralelamente convocarase a Comisión de Funcionarización para os seguintes asuntos:
 - Elaborar as bases da convocatoria e envialas ao DOG para a súa publicación.
 - Nomeamento do tribunal .
 - Fixar prazos e datas para as probas.

Coincidimos coa Xerencia en axilizar ao máximo todo este proceso para intentar que antes do verán este rematada primeira convocatoria.

- Orzamentos da Xunta
 - A Xunta de Galicia aprobou uns orzamentos absolutamente restritivos, e dende xaneiro a UDC ven recibindo o 5.4% menos dos orzamentos que lle corresponderían segundo o plan de financiamento.
 - A UDC solicitoulle a Xunta que clarifique como se van a aplicar estes recortes a os membros da Comunidade Universitaria, PAS e PDI. De momento non hai resposta e o Xerente esta a espera que a Xunta se pronuncie sobre este tema.

- Convenio Colectivo
 - Como sabedes, e xa urxente abordar a negociación e aprobación do Convenio Colectivo para que este non perda a súa vixencia. Dada a situación do actual Comité no que o sindicato que tiña a maioría absoluta dimitiu, e sendo perfectamente conscientes da importancia de este asunto, o Comité vai promover unha **comisión negociadora** da que formen parte todos o sindicatos que acadaron representatividade nas últimas eleccións ao Comité de Empresa. Esta comisión a convocará a Xerencia previo comunicado da solicitude de dita comisión polo Comité.
 - Posteriormente levarase a unha asemblea para a aprobación ou rexeitamento polo colectivo.

Para calquera información que precisedes como sempre esta a vosa disposición a dirección do correo electrónico do Comité de Empresa comite.pas@udc.es

Un cordial saúdo.

Comité de Empresa do PAS Laboral da UDC